



# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar  
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta  
36201 – Vigo  
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

## **RESOLUCIÓN DO 13 DE FEBREIRO DE 2018 DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE PUBLICA A LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES SELECCIONADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE ARCADE**

### **ANTECEDENTES**

1. Por Resolución do 2 de outubro de 2017 convocouse o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé no ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Arcade.
2. Logo de rematar o prazo de presentación de instancias de acordo coas bases da convocatoria e co disposto na normativa vixente, publicouse un documento da Xefatura Territorial de Vigo polo que se lle requiría a emenda de documentación a algunhas persoas.
3. Unha vez rematado o prazo de emenda de documentación e baremadas as solicitudes, publícase, por Resolución do 2 de xaneiro de 2018 da Xefatura Territorial de Vigo, a lista provisoria dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo e as causas da súa exclusión. Os aspirantes dispuxeron dun prazo de quince (15) días hábiles, desde o día seguinte á publicación da resolución, para efectuar as alegacións que consideraron oportunas. As alegacións que se presentaron, non se contestaron expresamente de xeito individualizado, e as que foron estimadas tivéronse en conta para a puntuación definitiva.





# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar  
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta  
36201 – Vigo  
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

4. O 12 de febreiro de 2018 realizouse un sorteo público, de acordo co disposto no apartado 4 da Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, no que se establece que en caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas por esta situación.

5. A relación de empatados e a acta do sorteo foron publicadas no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se publicaron con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Conforme co establecido na base III da Resolución do 2 de outubro de 2017 pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé no ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Arcade, esta xefatura territorial

## DISPÓN:

**Primeiro.** Publicar a lista definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, así como as puntuacións obtidas, para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Arcade (Anexo I- Quenda xeral, e Anexo II- Quenda especial) .

**Segundo.** As persoas aspirantes seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria:

a) Certificado que acredite que a persoa está empadroada nun municipio do litoral de Galicia; no caso de non ter asinada a autorización da consulta.





# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar  
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta  
36201 – Vigo  
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

b) Certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares; no caso de non ter asinada a autorización da consulta.

c) Certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA), no caso de non ter asinada a autorización da consulta. As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, **deberán achegar un escrito de renuncia** a ela para que se faga efectivo no momento da concesión do permiso de explotación.

d) **Informe médico** que indique que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

e) Fotocopia compulsada do **certificado de mariscador** no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude ou non se tivese asinado a autorización para a consulta deste dato. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

f) **Dúas fotografías** co nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria, entenderase que desisten da súa solicitude (*excepto o certificado de mariscador*).

Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria.





galicia

# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar  
Servizo de Recursos Mariños

R./Concepción Arenal, 8, 4ª planta  
36201 – Vigo  
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

**Terceiro.** A lista de persoas non seleccionadas (Anexo III) constituirá unha lista de reserva. A lista de reserva terá unha vixencia dun (1) ano, que se contará dende o día seguinte ao que se publique esta resolución da xefatura territorial.

**Cuarto.** Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://mar.xunta.gal> e tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así coma no taboleiro de anuncios da confraría ou entidade asociativa que o solicitou.

**Quinto.** De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ( BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

